



## Concello de Oza-Cesuras

---

D./ D<sup>a</sup>/ \_\_\_\_\_

con DNI \_\_\_\_\_ e enderezo en \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_, teléfono \_\_\_\_\_ email \_\_\_\_\_

### **EXPÓN:**

Informado sobre a convocatoria para a “Contratación con carácter urgente en réxime de persoal laboral dun peón do Punto Limpo substituto (2<sup>a</sup>) adscrito ao Punto Limpo con tarefas adicionais de silvicultura, limpeza, desbroce e valorización forestal de espazos públicos municipais, durante as situacións de baixas laborais por incapacidades e/ou vacacións do titular do posto e do seu substituto”, desexa participar no citado proceso selectivo para a contratación laboral dunha praza de peón de Punto limpo substituto adscrito ao punto limpo, encargado de da recepción, rexistro, distribución, clasificación e entrega dos diferentes residuos depositados no mesmo con tarefas adicionais de silvicultura, limpeza, debroce e valorización forestal de espazos públicos municipais, durante as situacións de baixas laborais por incapacidades e, no seu caso, durante a ausencia por vacacións do titular do posto e do seu substituto que viña desempeñando as funcións propias do posto de traballo e  
**DECLARA RESPONSABLEMENTE:**

- a) Ter a nacionalidade española ou ser nacional doutro Estado membro da U.E. ou daqueles Estados aos que se refire e nas condicións que establece o artigo 57 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. Os estranxeiros con residencia legal en España poderán acceder, como persoal laboral, en igualdade de condicións que as persoas españolas.
- b) Que posúe a capacidade funcional para o desempeño das tarefas da praza á que opta.
- c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa, agás que por lei se estableza outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público de que se trate.
- d) Que non ten sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin se encontra en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado.
- e) Estar en posesión do título de graduado escolar, ESO, ESA, formación profesional de 1º grado ou equivalente.
- f) Posuir o carné de conducir tipo B.

## Concello de Oza-Cesuras

---

Que acepta expresamente o contido das bases para a contratación das persoas que cubrirán o cadro de persoal para a “Contratación con carácter urgente en réxime de persoal laboral dun peón do Punto Limpo substituto (2ª) adscrito ao Punto Limpo con tarefas adicionais de silvicultura, limpeza, desbroce e valorización forestal de espazos públicos municipais, durante as situacións de baixas laborais por incapacidades e/ou vacacións do titular do posto e do seu substituto” e en concreto, que coñece que non serán valorados os méritos que non se acrediten do xeito indicado nas mesmas.

### E, SOLICITA:

Ser admitido no procedemento da citada contratación laboral en cumprimento do establecido na base 4ª das bases reguladoras da contratación,

E achega a seguinte **DOCUMENTACIÓN:** (sinala cunha cruz)

- Copia auténtica do DNI ou documento correspondente ao país da UE.
- Copia auténtica do carné de conducir tipo B.
  
- Documentación acreditativa de posuír a titulación esixida.
  
- Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado.
  
- Declaración xurada de posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas da praza á que se opta. No seu caso, a condición de discapacitado e a súa compatibilidade para o desenvolvemento das funcións correspondentes á praza acreditaranse por certificación expedida da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia ou polo organismo ou departamento competente para iso.

Acreditación dos méritos indicados na base 7ª ao obxecto da valoración da experiencia profesional.



## Concello de Oza-Cesuras

---

Orixinais ou copias auténticas ou cotexadas dos contratos laborais para acreditar a experiencia laboral.

Informe de vida laboral expedido pola Seguridade Social ou organismo oficial mediante a correspondente certificación no caso das Administracións Públicas.

**No tocante á documentación que se achega, o abeiro do establecido no artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP) DECLARO que todos os documentos son veraces, que concordan cos orixinais que posúo e que os exhibirei en calquera momento a requerimento dese concello.**

[ ] **AUTORIZO:** Ao Concello de Oza- Cesuras a consultar e recabar aqueles documentos dos anteriormente citados que foran elaborados polo concello de Oza-Cesuras así como polo antigos concellos de Oza dos Ríos e Cesuras así como aqueloutros que xa foran aportados con anterioridade no rexistro xeral deste concello nas seguintes datas:

[ ] **NON AUTORIZO:** Ao Concello de Oza- Cesuras a consultar e recabar aqueles documentos dos anteriormente citados que foran elaborados polo concello de Oza-Cesuras así como polo antigos concellos de Oza dos Ríos e Cesuras nin aqueloutros que xa foran aportados con anterioridade no rexistro xeral deste concello.

En Oza- Cesuras, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 202\_\_

Asdo: